CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)
R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F
Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
http://www.concellodebecerrea.com

Don Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá

FAI SABER:

Que o repetidor do Cereixal xa envía o sinal de Televisión Dixital Terrestre (TDT) ao 80% do municipio de Becerreá, polo que, os veciños que o desexen xa poden sintonizar nos seus receptores ata vinte e cinco canales.

A TDT está chamada a substituír, debido ás súas múltiples vantaxes, á Televisión Analóxica Terrestre, que é a que se estivo recibindo ata agora na maioría dos fogares. Isto producirase tras a data de cesamento das emisións en tecnoloxía analóxica, fixada en España o 3 de abril de 2010.

Para recibir a TDT en casa hai que seguir estes tres sinxelos pasos:

1. Comprobar se xa ten cobertura na súa zona.

2. Adaptar a antena xa sexa individual ou colectiva.

Para recibir o sinal da TDT pode seguir utilizando a antena UHF convencional, individual ou colectiva, que viña utilizando para recibir a televisión analóxica terrestre. Con todo, é necesario realizar unha serie de adaptacións na súa instalación, que deben ser realizadas por un instalador de telecomunicacións autorizado. As modificacións a realizar dependerán do estado da mesma. Polo xeral estas consistirán na instalación duns módulos amplificadores de sinal para as frecuencias da TDT.

3. Dispor dun equipo receptor de TDT.

Este sintonizador permitiralle recibir o sinal dixital no seu fogar, xa sexa a través dun dispositivo externo conectado directamente ao seu televisor, ou ben a través dun televisor que dispoña dun receptor integrado.

Becerreá, 17 de abril de 2009

O Alcalde-Presidente,

CONCELLO DE BECERREA (LUGO)

D. Manuel Martínez Núñez